IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 9 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 26 de decembro de 2022, relativos á baremación definitiva e á publicación dos/das aspirantes seleccionados/as e se executa o veredicto xudicial firme que afecta a dita resolución de convocatoria.

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 26 de decembro de 2022 (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023) realizouse a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.

Na Resolución desta dirección xeral do 15 de abril de 2024 (DOG núm. 80, do 23 de abril) publicouse a baremación provisional do concurso. A base oitava da referida Resolución do 26 de decembro de 2022 dispón que, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En vista das reclamacións presentadas ou apreciado de oficio polo órgano de selección algún erro material na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes, o tribunal efectuará as oportunas correccións e aprobará as puntuacións definitivas da fase de concurso e a relación de aspirantes seleccionados/as, pola orde de puntuación acadada nas diferentes quendas de acceso, e elevará esta relación á autoridade convocante para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Asemade, o 26 de setembro de 2024, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ditou sentenza e desestimou o recurso de casación (núm. 6920/2023) que interpuxo esta administración, confirmando a Sentenza núm. 508/2023, do 14 de xuño, da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso núm. 8/2023).

A devandita sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, firme desde o 12 de novembro de 2024, decide: «Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto (...) con-

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

tra a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, do 26 de decembro de 2022, pola que se realiza a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área.

Anular a valoración recollida no parágrafo segundo da epígrafe 2 (baremo por experiencia: 28 puntos) do anexo II da citada Resolución do 26 de decembro de 2022, por conculcación do artigo 23.2 da Constitución española, en canto que establece unha desproporcionada valoración dos servizos prestados, segundo o fosen no Sistema Público de Saúde de Galicia ou en institucións sanitarias do sistema sanitario público doutros servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde».

No Auto do 3 de xullo de 2023, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resolvendo sobre a solicitude de aclaración da referida sentenza, recolleu as opcións de execución que ten a Administración sanitaria ao seu alcance:

«Non di, nin tampouco podería dicir, a sentenza que, como consecuencia da devandita anulación haxa que baremar o demandante coa puntuación de 0,20 puntos/mes, o que di é que a diferenza de puntuación que o baremo recollía era absolutamente desproporcionada, polo que queda aberta para a Administración a vía de unificar a puntuación para todos os aspirantes (nos puntos que sexa) ou a de establecer unha diferenciación proporcionada que non supere os límites do tolerable e se xustifique debidamente».

A anterior conclusión referéndaa a Sentenza do Tribunal Supremo do 26 de setembro, na cal se indica de forma expresa que a falta de xustificación da puntuación máis elevada dos servizos prestados na Comunidade Autónoma convocante dun proceso de estabilización derivado da previsión do artigo 2.4 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público creba o principio de igualdade e de libre concorrencia, mais non exixe que se iguale a baremación nos supostos descritos.

De conformidade co anteriormente exposto, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Con base nos pronunciamentos xudiciais referidos, por parte desta administración procédese a articular os mecanismos que impidan que se frustre o proceso extraor-

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

dinario de estabilización, intentando preservar, na medida que o permiten as sentenzas reproducidas, os criterios de baremación acordados na Mesa Sectorial de Negociación do persoal estatutario do 5 de decembro de 2022.

Acorde co anterior, manterase unha puntuación máis elevada dos servizos prestados no Servizo Galego de Saúde fronte aos servizos desempeñados nesa mesma categoría e especialidade ou categoría equivalente homologada noutros servizos públicos de saúde do Sistema Nacional de Saúde. Non obstante, fíxase unha diferenciación proporcionada que non supera a marxe do tolerable e que está debidamente xustificada.

En consecuencia, derivada da execución das devanditas sentenzas, a valoración recollida no parágrafo segundo da epígrafe 2 (baremo por experiencia: 28 puntos) do anexo II da citada Resolución do 26 de decembro de 2022 será de 0,15 puntos/mes.

A dita modificación da puntuación reforza a posibilidade de concorrencia de terceiras persoas aspirantes, sen exceder o límite do tolerable e con plena xustificación nos labores asistenciais, formativos e de tecnoloxías da información propias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En ningún caso con esta reformulación da epígrafe do baremo cuxa valoración anula a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e confirma en casación o Tribunal Supremo se constataría a conversión do proceso selectivo en restrinxido.

A necesaria xustificación atopa o seu fundamento en que a reforma contida na Lei 20/2021, do 28 de decembro, ten como un dos seus principais principios inspiradores o de dotar a Administración pública do «marco xurídico necesario para prestar con garantía e eficacia os servizos públicos», polo que é coherente primar a experiencia profesional prestada no ámbito convocante, pois acredita o coñecemento e a utilización das ferramentas propias do Servizo Galego de Saúde, do manexo imprescindible no desenvolvemento diario da súa actividade e das particularidades da súa organización, protocolos, sistemas de información e rexistro, así como da normativa autonómica de aplicación.

Entender e manexar con eficiencia e eficacia este conxunto importante de ferramentas dixitais por parte dos/das profesionais clínicos/as non é unha tarefa sinxela e ao mesmo tempo é crucial para unha asistencia sanitaria de calidade.

Así pois, os/as profesionais que saben manexar as ferramentas, os protocolos e os sistemas de información e rexistro propios do Servizo Galego de Saúde están claramente

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

mellor preparados/as en comparación con profesionais que non traballaron nunca no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Por todo o anterior, é esencial manter esa puntuación máis elevada para os/as profesionais sanitarios/as que foron formados/as na contorna dixital do Servizo Galego de Saúde e cunhas ferramentas e sistemas de información e rexistro tan distintas ao resto do territorio español, e debe ser unha prioridade para o devandito organismo autónomo en termos de eficiencia, eficacia e calidade na atención da cidadanía galega.

Con base en todo o exposto, a Administración sanitaria acolle a vía que avala o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de establecer unha diferenciación proporcionada e xustificada que non permita concibir o proceso selectivo como restrinxido en canto á concorrencia.

Segundo. Baseándose no exposto no punto anterior, procede efectuar as oportunas correccións na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes na epígrafe de «experiencia: 28 puntos» do anexo II da Resolución do 26 de decembro de 2022.

Tamén se efectuarán as oportunas correccións que deriven dos acordos dos tribunais relativos ás puntuacións definitivas do proceso selectivo de estabilización, en vista das reclamacións presentadas ou logo de apreciar de oficio o órgano de selección algún erro material na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes.

Terceiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) as puntuacións definitivas do proceso selectivo de estabilización, mediante concurso de méritos, para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de área nas especialidades de alergoloxía, análises clínicas, anatomía patolóxica, anestesioloxía e reanimación, anxioloxía e cirurxía vascular, aparello dixestivo, cardioloxía, cirurxía cardiovascular, cirurxía ortopédica e traumatoloxía, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, cirurxía xeral e aparello dixestivo, dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía, endocrinoloxía e nutrición, farmacia hospitalaria, farmacoloxía clínica, hematoloxía e hemoterapia, inmunoloxía, medicina do traballo, medicina física e rehabilitación, medicina intensiva, medicina interna, medicina nuclear, medicina preventiva e saúde pública, microbioloxía e parasitoloxía, nefroloxía, neurocirurxía, neurofisioloxía clínica, neuroloxía, obstetricia e xinecoloxía, oftalmoloxía, oncoloxía médica, oncoloxía radioterápica, otorrinolaringoloxía, pediatría e as súas áreas específicas, pneumoloxía, psicoloxía clínica, psiquiatría, radiodiagnóstico, radiofísica hospitalaria, reumatoloxía, uroloxía e xeriatría.

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos

Coa finalidade de dotar de transparencia o proceso, ao existiren aspirantes empatados/as, publicarase na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) a información que permitirá verificar a correcta aplicación do criterio de desempate establecido na base 8.1.6 da resolución de convocatoria do proceso.

Cuarto. Publicar, como anexo I desta resolución, a relación das persoas aspirantes seleccionadas neste proceso, segundo a orde de puntuación acadada nas diferentes quendas de acceso de conformidade co número de prazas convocadas.

Quinto. Os/as aspirantes seleccionados/as que se relacionan no anexo desta resolución disporán do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación para a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

Esta autorización deberá prestarse no modelo que para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, no punto relativo a emprego público www.sergas.es/emprego público.

d) Declaración xurada ou promesa de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma especialidade a que opta.

e) Os/as aspirantes seleccionados/as que accederon pola quenda de persoas con discapacidade deberán achegar neste prazo, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa do mantemento dos requisitos para acceder pola correspondente quenda, de non ter carácter definitivo a resolución pola que se lle recoñeceu a discapacidade, e que foi achegada dentro do prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade coa base 9.2 da Resolución do 26 de decembro de 2022, os/as que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Sexto. Só para os efectos de elección de destino, de conformidade co artigo 9 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, os/as aspirantes que superasen o concurso pola quenda reservada a persoas con discapacidade poderán solicitarlle á autoridade convocante, no prazo que se indica no punto quinto desta resolución, a alteración da orde de prelación para a elección das prazas por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditadas.

Sétimo. A documentación requirida nesta resolución deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

Oitavo. Co obxecto de dotar de axilidade o proceso, en previsión de que algunhas das persoas aspirantes seleccionadas non poidan ser nomeadas en cumprimento da base 9.2 indicada, unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación previsto na

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

base anterior, publicarase na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es)/ OPE 2022-Lei de estabilización-concurso de méritos unha dilixencia que convoque os/as seguintes aspirantes na orde de prelación de cada especialidade, no caso de ser preciso, para a presentación da documentación que se relaciona no punto quinto desta resolución.

A dita convocatoria, no caso de ser necesaria, cumprirá os requisitos formais e de eficacia que se recollen no título III da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Noveno. Esta resolución poderá ser impugnada nos termos previstos na base XI da resolución de convocatoria do proceso, do 26 de decembro de 2022.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO I

Relación de aspirantes seleccionados/as

Facultativo/a especialista en alergoloxía								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***4475**	González Fernández, María Teresa	LI	19,120	6,600	2,968	5,000	33,688
2	***8151**	González Guzmán, Luis Alfredo	LI	21,100	5,434	1,188	5,000	32,722
3	***0544**	Rial Prado, Manuel Jorge	LI	14,140	7,760	4,000	5,000	30,900
Facultativo/a especialista en análises clínicas								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***1289**	Rodríguez Menéndez, Raquel	DI	6,400	6,070	0,000	0,000	12,470
1	***8892**	Veiga Álvarez, Ernesto	LI	28,000	8,000	4,000	5,000	45,000
2	***3777**	Lampón Fernández, Natalia	LI	27,000	6,740	4,000	5,000	42,740
3	***2348**	Fernández Hermida-Cadahia, Esperanza	LI	25,400	8,000	4,000	5,000	42,400
4	***0573**	González Romarís, Elena María	LI	28,000	6,690	1,440	5,000	41,130
5	***3981**	Guinarte Cabada, Juan Carlos	LI	28,000	6,310	1,600	5,000	40,910
6	***8973**	García Nimo, Laura	LI	24,600	6,800	4,000	5,000	40,400
7	***2565**	Rodríguez Valle, Ana	LI	28,000	7,840	3,150	0,000	38,990
8	***6740**	Barbero Cancelo, Catarina	LI	23,850	6,630	1,442	5,000	36,922
9	***3281**	Rebollido Fernández, María Maira	LI	20,450	7,970	1,367	5,000	34,787

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
10	***0784**	Otero Santiago, Manuel Francisco	LI	17,240	6,710	4,000	5,000	32,950
11	***0880**	Barreiro Martínez, Tegra	LI	14,660	8,000	4,000	5,000	31,660
12	***1999**	Reigada Rivera, María Luisa	LI	16,660	7,800	2,060	5,000	31,520
13	***7757**	Díaz Lagares, Ángel	LI	14,600	7,820	4,000	5,000	31,420
14	***0907**	García Pellitero, Almudena	LI	18,200	6,670	0,750	5,000	30,620
15	***3104**	López Gómez, Victoria	LI	14,400	7,760	3,138	5,000	30,298
16	***2893**	Hierro Delgado, Carlos	LI	19,875	8,000	1,700	0,000	29,575
17	***5929**	Corte Arboleya, Zoraida	LI	17,400	7,770	4,000	0,000	29,170
18	***2428**	García Aschauer, Juan Manuel	LI	20,200	6,040	2,000	0,000	28,240
19	***5886**	Esteso Perona, María	LI	21,150	6,120	0,657	0,000	27,927

Facultativo/a especialista en anatomía patolóxica

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***2575**	Campo Cerecedo, Fernando	LI	28,000	6,000	0,971	5,000	39,971
2	***6064**	Vázquez Bartolomé, Patricia	LI	26,950	3,939	0,143	5,000	36,032
3	***0272**	Murias Vilabrille, María del Carmen	LI	24,950	2,773	0,000	0,000	27,723

Facultativo/a especialista en anestesioloxía e reanimación

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***5874**	Cabadas Avión, Rafael	LI	19,210	7,780	4,000	5,000	35,990
2	***1498**	Iglesias Maldonado, María	LI	23,400	6,030	0,000	5,000	34,430
3	***4026**	Román Núñez, Ricardo Miguel	LI	28,000	5,560	0,400	0,000	33,960
4	***5775**	Navarro Mateos, María	LI	21,000	6,080	1,000	5,000	33,080
5	***0866**	Couñago Garrido, Marta	LI	20,000	6,060	1,596	5,000	32,656
6	***7682**	Freijeiro González, Marta Carolina	LI	18,400	6,060	2,444	5,000	31,904
7	***7818**	Gallego Villarnovo, Alejandro	LI	18,400	6,060	2,090	5,000	31,550
8	***0480**	Arrighi Turri, Lorenza	LI	23,000	6,000	1,000	0,000	30,000
9	***6791**	Novo Santiago, Laura	LI	16,200	6,030	1,829	5,000	29,059
10	***4889**	Figueiras Lago, Laura	LI	16,000	6,150	1,830	5,000	28,980
11	***4010**	Doldán Pérez, Patricia Noemí	LI	13,600	6,160	2,831	5,000	27,591
12	***3340**	Calvo Rey, Andrea	LI	13,600	6,140	2,709	5,000	27,449
13	***5234**	Cebral Polo, Adriana	LI	15,200	6,090	0,457	5,000	26,747
14	***2408**	Acuña Barcala, Inge	LI	14,210	6,660	0,800	5,000	26,670
15	***5264**	Gasalla Cadorniga, Álvaro Manuel	LI	13,600	6,070	1,970	5,000	26,640
16	***3805**	González Sampedro, María	LI	12,800	6,610	1,899	5,000	26,309

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
17	***6493**	Casas Reza, Pablo	LI	11,200	6,190	3,879	5,000	26,269
18	***8443**	Vázquez Lima, Ana	LI	12,720	6,680	1,650	5,000	26,050
19	***8170**	González Dacal, Laura	LI	13,400	6,130	1,097	5,000	25,627
20	***4227**	Freire Otero, Marta	LI	12,080	6,100	1,942	5,000	25,122
21	***8163**	Gestal Vázquez, María	LI	11,200	6,240	2,479	5,000	24,919
22	***8118**	Rodríguez Rodríguez, Ana	LI	10,575	6,680	2,400	5,000	24,655
23	***5615**	Rodríguez Álvarez, Ángel Antonio	LI	11,200	6,130	1,678	5,000	24,008
24	***3044**	El Drubi Vega, Susana	LI	17,000	6,000	1,000	0,000	24,000
25	***6680**	Nistal Nuño, Beatriz	LI	8,860	6,100	4,000	5,000	23,960
26	***5103**	Outeiro Rosato, Ángel	LI	11,200	6,160	1,579	5,000	23,939
Facultativo/a especialista en anxioloxía e cirurxía vascular								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***4393**	Couto Mallón, Delfín	LI	23,400	6,050	2,834	5,000	37,284
2	***3005**	Ameneiro Pérez, Eunice	LI	22,950	6,700	1,100	5,000	35,750
Facultativo/a especialista en aparello dixestivo								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***1163**	Pradera Cibreiro, Carmen	DI	1,200	6,140	0,264	5,000	12,604
1	***3759**	Martín Carreras Presas, Francisco Luis	LI	28,000	6,090	2,450	5,000	41,540
2	***2833**	Vázquez Pérez-Coleman, Laura	LI	28,000	3,260	0,717	5,000	36,977
3	***2952**	Pérez López, Neftali Jara	LI	18,810	6,990	1,415	5,000	32,215
4	***6635**	Pérez Galindo, Pablo	LI	15,700	6,780	4,000	5,000	31,480
5	***4795**	Monteserín Ron, Luzdivina	LI	13,450	6,610	4,000	5,000	29,060
6	***4983**	Remedios Espino, David Rafael	LI	18,600	6,060	4,000	0,000	28,660
7	***7383**	López Díaz, Javier	LI	11,200	6,280	3,978	5,000	26,458
8	***8520**	Falagan Cachafeiro, Yolanda	LI	13,600	6,110	1,703	5,000	26,413
9	***8057**	Pérez Medrano, Indhira Miosotis	LI	16,850	5,925	3,294	0,000	26,069
Facultativo/a especialista en cardioloxía								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***1932**	Bastos Fernández, Guillermo	LI	28,000	6,710	4,000	5,000	43,710
2	***6683**	Soto Loureiro, Fernando	LI	28,000	6,730	1,589	5,000	41,319
3	***6129**	Sanmartín Pena, Juan Carlos	LI	28,000	3,640	4,000	5,000	40,640
4	***2204**	Lamas Touza, Juan Manuel	LI	28,000	6,190	1,000	5,000	40,190

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
5	***5592**	Elices Teja, Juliana	LI	23,200	7,410	4,000	5,000	39,610
6	***1117**	Álvarez Barredo, María	LI	26,000	6,720	4,000	0,000	36,720
7	***1108**	Fernández Redondo, Diego Alberto	LI	28,000	6,000	2,300	0,000	36,300
8	***3759**	Pereira López, Eva María	LI	19,600	6,220	4,000	5,000	34,820
Facultativo/a especialista en cirurxía cardiovascular								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***2310**	Casais Pampín, Rocío	LI	27,550	6,690	2,900	5,000	42,140
2	***7501**	Velasco García de Sierra, Carlos	LI	25,600	6,180	4,000	0,000	35,780
Facultativo/a especialista en cirurxía ortopédica e traumatoloxía								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***3247**	González-Zabaleta González, Jorge	LI	28,000	7,800	2,500	0,000	38,300
2	***4976**	Penelas Abelleira, Natalia	LI	19,800	6,000	0,557	5,000	31,357
3	***0813**	Sotelo García, Rosa Anahí	LI	15,600	6,050	0,000	5,000	26,650
4	***9683**	Canepari, Sergio Alejandro	LI	18,300	6,020	1,800	0,000	26,120
5	***1523**	Fernández Cortiñas, Ana Belén	LI	10,600	8,000	2,000	5,000	25,600
6	***4865**	Ruotolo Grau, Antonio José	LI	16,000	6,060	1,832	0,000	23,892
7	***3318**	González Núñez, Luis	LI	11,200	6,070	1,376	5,000	23,646
8	***8161**	Martínez Manso, Pablo	LI	11,200	5,852	1,576	5,000	23,628
9	***7579**	Cano Leira, María Ángeles	LI	11,200	6,060	1,329	5,000	23,589
10	***6070**	Peino Riobó, María Isabel	LI	11,200	6,090	0,794	5,000	23,084
11	***1383**	Sarasate Cortes, Lucía	LI	11,200	6,100	0,784	5,000	23,084
12	***9240**	Martínez Capoccioni, Dianora Margarita	LI	14,960	6,000	0,791	0,000	21,751
13	***4590**	Puente Sánchez, Luis	LI	10,040	6,040	0,600	5,000	21,680
14	***4148**	Díaz Castiñeira, Catherina	LI	8,800	6,120	1,463	5,000	21,383
Facultativo/a especialista en cirurxía pediátrica								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***8548**	Cortizo Vázquez, Jorge	LI	11,200	6,080	1,578	5,000	23,858
Facultativo/a especialista en cirurxía plástica, estética e reparadora								
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***2979**	Franco Rodil, Jairo	LI	28,000	4,215	0,000	5,000	37,215
2	***8634**	Barreiro Creo, Noelia	LI	8,950	7,280	0,000	5,000	21,230

CVE-DOG: p1v74qt2-l7y6-bqg1-sd14-i1kdisxp3qs9

Facultativo/a especialista en cirurxía xeral e aparello dixestivo

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***5396**	Taboada Ameneiro, María	DI	1,400	6,110	0,654	5,000	13,164
1	***1343**	Jove Alborés, Patricia	LI	23,200	6,050	2,450	5,000	36,700
2	***4061**	Mella García, María Inés	LI	24,000	6,080	1,200	5,000	36,280
3	***6533**	Mato Iglesias, Almudena	LI	20,800	6,040	2,000	5,000	33,840
4	***8190**	Flores Rodríguez, Erene Victoria	LI	25,600	6,570	1,529	0,000	33,699
5	***5125**	Berdeal Díaz, María	LI	17,590	6,660	2,500	5,000	31,750
6	***3799**	Carrera Dacosta, Ester	LI	16,000	6,100	4,000	5,000	31,100
7	***2322**	Vázquez Presa, Elia María	LI	23,675	5,245	1,430	0,000	30,350
8	***4296**	Dorado Castro, Lucía	LI	18,200	6,000	0,964	5,000	30,164
9	***9802**	Ausania, Fabio	LI	17,400	7,920	4,000	0,000	29,320
10	***0138**	Gómez Pasantes, Dora	LI	16,800	6,070	1,165	5,000	29,035
11	***8169**	Fernández Varela, Xuliana	LI	16,650	6,000	0,815	5,000	28,465
12	***5394**	López López, María	LI	15,400	6,100	1,551	5,000	28,051

Facultativo/a especialista en dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***4179**	Mayo Pampín, María Eugenia	LI	28,000	6,600	3,400	0,000	38,000
2	***7861**	Iglesias Conde, Raquel	LI	22,800	6,150	1,117	5,000	35,067
3	***0854**	Suh Oh, Hae Jin	LI	17,550	7,920	4,000	5,000	34,470

Facultativo/a especialista en endocrinoloxía e nutrición

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***6429**	Castro Piñeiro, José Antonio	LI	28,000	6,120	1,800	5,000	40,920
2	***3325**	Andújar Plata, Paula	LI	21,850	7,910	4,000	5,000	38,760
3	***4646**	Guillín Amarelle, Cristina	LI	19,800	7,253	4,000	5,000	36,053
4	***6695**	Fidalgo Baamil, Olga	LI	20,650	6,000	2,096	5,000	33,746
5	***3558**	Veiguela Blanco, Brenda	LI	20,850	6,140	1,700	5,000	33,690
6	***4231**	Tejera Pérez, Cristina	LI	21,000	8,000	4,000	0,000	33,000
7	***6582**	Eiras Leal, Raquel	LI	18,200	6,700	2,348	5,000	32,248

Facultativo/a especialista en farmacia hospitalaria

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Acceso	Experiencia profesional	Formación	Docencia, investigación e innovación sanitaria	Coñecemento de galego	Puntuación total
1	***4033**	Soneira Chenlo, Carolina	DI	9,540	6,060	0,400	5,000	21,000
